



VII CONCURSO LITERARIO LETRAS GALEGAS/2026

CONVOCADO E ORGANIZADO POLA MESA DAS VERBAS E O CENTRO COMERCIAL AROUSA
COA COLABORACIÓN DA SECRETARÍA XERAL DA LINGUA DA CONSELLERÍA DE CULTURA,
LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA

- 1.- Convócase este VII CONCURSO LITERARIO LETRAS GALEGAS 2026, ideado e organizado pola Asociación Cultural Mesa das Verbas de Vilagarcía de Arousa, coa colaboración do Centro Comercial Arousa e da Secretaría Xeral da Lingua da Xunta de Galicia, co fin de promover a creación literaria en lingua galega.
- 2.- Poderá participar calquera persoa que o desexe e acepte as súas bases. En caso de que a persoa participante sexa menor de idade, deberá achegar a autorización de seu pai, nai ou titor/a legal. Ademais, todos os participantes deberán xuntar unha autorización de manexo dos seus datos persoais para os únicos efectos de xestión do concurso. No caso dos menores, esta autorización deberá ser asinada polos adultos responsables da persoa participante.
- 3.- Cada persoa poderá presentar só unha obra, que deberá ser un relato curto escrito en idioma galego, orixinal, inédito e que non fose publicado nin premiado en ningún outro certame. O tema é libre.
- 4.- A extensión máxima de cada obra será de dous folios por unha soa cara. As escritas nun procesador de textos presentaranse nun tipo de letra Arial de corpo 11 e as manuscritas serán con letra lexible sen manchas, emendas nin texto riscado nin ningún tipo de marca ou enmarcado, así como carente de debuxos e de coloreados.
- 5.- O orixinal do traballo non pode levar ningún sinal (agás o lema), marca ou calquera outra cousa que poida identificalo. O traballo irá acompañado dun sobre pequeno a xeito de plica que levará o lema escrito por fóra. Nel incluírase un documento cos datos do autor: nome e apelidos, NIF, número de teléfono, enderezo postal e enderezo electrónico e unha síntese do currículo vitae, indicando se posúe algunha publicación ou premios. O sobre tamén conterá a autorización para o manexo de datos e, no caso dos menores de idade, a de participación (ver punto 2). Este pequeno sobre pechado estará dentro dun sobre grande xunto co orixinal. O sobre grande, tamén pechado, levará escrito o mesmo lema que figura no sobre pequeno.

5.- O prazo de entrega será ata o 3 de maio de 2026 (inclusive). As obras serán depositadas nas urnas que se colocarán para o efecto nas dependencias do Centro Comercial Arousa ou serán enviadas ao seguinte enderezo postal:

VII CONCURSO LITERARIO LETRAS GALEGAS 2026

Centro Comercial Arousa, Prolongación Parque A Xunqueira, s/n
36600, Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)

6.- O Xurado estará composto por persoas que as entidades promotoras do concurso designen e terá a capacidade de dirimir e interpretar todo o relativo a este concurso. As súas decisións serán inapelables e as persoas participantes aceptan todas as súas resolucións. Os premios non poderán declararse desertos. O Xurado é o único competente e con plena soberanía para interpretar e decidir sobre todo o relacionado con este concurso. Os participantes declinan acudir a calquera outro órgano xurisdiccional ou xudicial e aceptan plenamente as decisións e a resolución dirimidos polo Xurado deste concurso, renunciando a calquera outro foro.

7.- A entrega de premios realizarase o sábado 16 de maio de 2026, véspera do Día das Letras Galegas, dedicado este ano á escritora e xornalista Begoña Caamaño, á que se conmemora con este acto. Será unha edición especial da Mesa das Verbas que se celebrará a partir das 18:00 h. na sala de usos múltiples, no 1º andar do Centro Comercial Arousa de Vilagarcía de Arousa.

8.- Os premios serán os seguintes:

- 1º PREMIO: 400 €, un vale de compra do Centro Comercial Arousa por valor de 100 € e diploma.

- 2º PREMIO: 300 €, un vale de compra do Centro Comercial Arousa por valor de 50 € e diploma.

- 3º PREMIO: 200 €, un vale de compra do Centro Comercial Arousa por valor de 25 € e diploma.

9.- Os autores ceden todos os seus dereitos sobre as obras durante o prazo dun ano a partir da data da entrega de premios, por se as entidades convocantes tivesen a oportunidade da publicar as obras premiadas. Transcorrido ese ano, os dereitos reverterán de novo nos seus autores.

10.- As obras non premiadas poderán retirarse ata o 30/06/2025 sempre que se acredite debidamente ser a autora ou o autor no momento da recollida. Despois desa data, serán destruídas.

11.- A participación neste concurso implica a total e plena aceptación destas bases.